



Coopera e aprende

A Rede RIES publica un CD de Técnicas de Aprendizaxe Cooperativa



Portada do CD de Técnicas de Aprendizaxe Cooperativa

Este material, que se acaba de editar, articulado no marco dunha acción mancomunada dentro da Rede RIES, presenta algunhas das máis acreditadas técnicas de aprendizaxe cooperativa.

As técnicas seleccionadas foron:

- Quebracabezas de Aronson
- Torneos de Equipos e Xogos
- Equipos de Aprendizaxe por divisións de rendimento
- Cooperación guiada ou estruturada
- Investigación en grupo
- Co-op Co-op

O interese operativo de tódolos integrantes desta agrupación científica ten que ver co enfoque pragmático da súa filosofía e visión sobre como proceder na mellora e, no seu caso, optimización, da xestión da diversidade cultural dende a escola e, en xeral, dende o conxunto do sistema educativo. Existe o convencemento no seo da nosa Rede de que o soporte práctico das técnicas aquí salientadas pode axudar ao profesorado, sobre todo aos máis ansiosos, por pasar das palabras aos feitos.

SUMARIO

PÁXINA 2

Editorial

PÁXINA 4

Entrevista ao reitor Xosé Luís Armesto Barbeito (UDC)

PÁXINA 6

Experiencia Investigadora

Red Universitaria para la Innovación en Orientación y Asesoramiento para la Carreira en Europa (NICE)

PÁXINA 9

Experiencia Educativa

Falar idiomas en contextos críticos

PÁXINA 13

Accións da Rede

PÁXINA 17

CD de Técnicas de Aprendizaxe Cooperativa "TAC-RIES"

PÁXINA 19

Novidades Editoriais

PÁXINA 21

Vindeiras actividades da Rede

PÁXINA 23

Novidades Legislativas



EDITORIAL

OS INMIGRANTES, DANOS COLATERAIS DA DÉBEDA “PÚBLICA”
Luis Cristobo- Xornalista de “La Voz de Galicia”



A crise económica bate con especial dureza a un dos colectivos sociais máis febles, os inmigrantes. Nun momento no que din que toca apertarse o cinto (uns máis ca outros), cunha sanidade pública que adoce de déficits crónicos e unha débeda de máis de 12.000 millóns de euros, resucita para algúns como unha posible receita aplicar diferentes fórmulas de copago (Cataluña, Madrid, Asturias) ou mesmo recortes drásticos. Así, o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade fixo efectiva en setembro a retirada da tarxeta sanitaria aos inmigrantes irregulares (sen papeis), unha medida que, segundo as previsións oficiais, afecta a 153.000 persoas e suporá un aforro de 500 millóns de euros.

En España vivían a comezos de ano 5,7 millóns de estranxeiros, un 12% da poboación. Se se inclúen no cálculo os residentes nacionalizados, a cifra elévase a 6,7 millóns, un 14%. Aínda coa excepcional rapidez e intensidade do fenómeno, ata agora o fluxo migratorio non supuxo fonte de conflitos sociais ou episodios xenófobos de especial gravidade.

Pero a crise e os recortes económicos están minando os principais piares da integración dos estranxeiros: emprego e prestacións sociais. Un recente informe de Cáritas advirte que, do millón de persoas atendidas pola organización en 2011, máis da metade foron inmigrantes. Datos do Instituto Nacional de Estadística (INE) destacan outro contundente reflexo desta situación: a saída de estranxeiros do país experimentou un gran pulo no que vai de ano (120.000 persoas).


O traballo, gran factor de integración, tamén se esvae: a taxa de paro entre inmigrantes elévase á estratosférica cota do 35% (frente ao 25% dos nativos). "E o problema non é só que haxa un desemprego tan elevado, ou que a cobertura do paro se estea esgotando para moitos. O problema é que, incluso cando a economía se recupere, previsiblemente non o fará nos sectores nos que son empregables boa parte dos inmigrantes en España", segundo Philippe Fargues, director do *Migration Policy Center* do Instituto Universitario Europeo.

Este colapso dos recursos dispoñibles está causando unha redución das prestacións e servizos sociais, precisamente nun momento de gran crecemento da demanda. Datos do Ministerio de Sanidade e Servizos Sociais indican que en 2010 foron atendidas en España máis de oito millóns de persoas, un 19,5% máis que en 2009. A suma dos dous factores “paro e recortes” empurra á marxinalidade a moitos inmigrantes, que contan con menor colchón de aforro e rede familiar ca os nativos.

Aínda que a crise pon freo aos fluxos migratorios, non os detén. Os números vermellos da economía dos países que viron medrar nos últimos anos a porcentaxe de estranxeiros entre a súa poboación non poden levantar de novo as barreiras destruídas pola globalización, que se mostra irreversible. De feito, os informes sobre fluxo de inmigrantes tan só constatan un retardamento nos dous últimos anos.



Fonte: INE 2011



Fonte: BIS/BDE/20minutos

O máis curioso deste asunto é que no caso concreto do gasto sanitario de España, sempre inferior á media europea, presenta a seguinte evolución cada vez máis a menos: 2009 (Eurostat): 71.439 millóns de euros; 2010 (Eurostat): 68.656 millóns; 2011 (estimación): 65.981 millóns; e 2012 (estimación): 58.500 millóns. Neste último caso suporía un gasto per cápita duns 1.280 euros, o mesmo que había xa en 2004.

Neste contexto de restricións sistemáticas en educación pública e sanidade increméntase tamén a intolerancia. Nos últimos catro anos o número de españois que apoia a expulsión do país dos inmigrantes sen papeis aumentou oito puntos, do 12% ao 20%, segundo un recente estudo da Organización Internacional das Migracións (OIM), que mostra que os inmigrantes son os máis febles á pobreza, desigualdade social e explotación laboral.

Pero non son os inmigrantes os únicos colectivos damnificados pola crise

económica e pola suposta débeda "pública" que agora, polo visto, nos toca pagar a todos. Vexamos o miolo do asunto: a débeda total de España cífrase agora mesmo nuns catro billóns de euros, un 400% do PIB (produto interior bruto ou riqueza xerada nun ano). Trátase dun nivel de débeda importante pero non alto en comparación cos países do noso entorno.

Preséntase como a débeda "pública" española cando se trata de débeda privada, singularmente das 15 grandes empresas que cotizan no Ibex e das entidades financeiras, un burato sen fondo. Estas grandes empresas son as responsables do 54,3% da débeda total española, fronte ao 20,2% de débeda das administracións públicas e do 25,5% das familias. Polo tanto, trátase fundamentalmente de débeda privada xerada polas grandes empresas, especialistas de sempre en privatizar os beneficios nas épocas de vacas gordas e socializar as súas perdas e débedas, como

sucede agora mesmo sen que ninguén diga un chílo de protesta.

Os inmigrantes, así, só son danos colaterais desta débeda "pública" de España. Pero non son os únicos damnificados por esta "crise" que está a esnaquizar ás clases medias e baixas.

Luis Cristobo

Xornalista sénior especializado en información económica e novas tecnoloxías
<http://www.cristobo.net>

XOSÉ LUÍS ARMESTO BARBEITO

REITOR DA UNIVERSIDADE DE A CORUÑA



Cerimonia Académica na Universidade de A Coruña

- Que análise pode facer do sistema universitario galego?

Tratase dun sistema consolidado e cunha cooperación crecente que o fai máis rendible socialmente. Este camiño da cooperación e colaboración é no que debemos profundar para que podamos optimizar as posibilidades do modelo fronte a un sistema de universidade única descentralizada territorialmente e desconcentrada funcionalmente. Despois de pouco máis de vinte anos da creación das Universidades da Coruña e Vigo, valoramos moi positivamente a aportación do sistema á cohesión social facendo efectiva a igualdade de oportunidades e a mobilidade social ascendente. Aproximar os estudos universitarios ás grandes concentracións de poboación urbana fíxoo posible. Para que o modelo de universidade única conseguira resultados similares tería que ter unha grande xenerosidade que non se daba. Os posibles defectos do sistema actual neutralízanse incrementando a coordinación e cooperación dentro do sistema que debe catalizar o goberno

galego que é quen ten as competencias, obxectivo no que estamos dispostos a colaborar as tres Universidades.

- Cal é nestes tempos que corren o estado da investigación nas ciencias sociais e xurídicas?

Nos vimos de facer unha avaliación pola Axencia Nacional de Avaliación e Prospectiva, do *Ministerio de Economía e Competitividade*, (ANEP) dos grupos de investigación da UDC e os grupos do ámbito xurídico social saen valorados cun notable alto o que pon de manifesto, entre outras cousas, o esforzo que están a facer por adaptarse aos estándares que existen nos procesos de avaliación, algo que resulta de especial dificultade nestes ámbitos. A necesidade de internacionalización neste mundo globalizado é obxectivamente mais complicado no ámbito xurídico social mais contamos con casos destacados que poden considerarse grupos de referencia e incluso de participación como expertos en organismos internacionais.

Xosé Luís Armesto Barbeito é o Reitor da Universidade de A Coruña dende xaneiro de 2012. Nado en A Coruña, é doutor en Química e *Master in Environmental Sciences and Engineering*. É autor de diversas publicacións sobre a química de N-halo compostos e procesos de degradación química e fotoquímica de herbicidas e praguicidas. É catedrático de Química Física na Facultade de Ciencias. Foi director do Colexio Universitario da Coruña e decano da Facultade de Ciencias. Foi vicerreitor de Profesorado.

- Como ve vostede a vinculación da universidade galega cos centros educativos e a sociedade civil?

Levamos anos participando e colaborando cos gabinetes de orientación dos centros de ensino secundario para facilitar o acceso aos estudos universitarios e máis concretamente na elaboración das pasarelas necesarias desde a formación profesional superior á universidade. Temos o tema pendente das datas das Probas de Acceso á Universidade que prexudican aos estudantes de novo ingreso, decisión que depende da Xunta de Galicia e que vén retrasando de forma pouco comprensible. Coa sociedade civil en xeral considero que o máis importante é preservar o servizo público de educación superior facilitando o acceso ao coñecemento e contribuír á mobilidade social ascendente mediante a formación, ademais de formar profesionais altamente cualificados, xerar coñecemento e transferilo á sociedade. Pero se podía quedar algunha dúbida neste razoamento, ante as medidas tomadas

“Para a UDC a internacionalización forma parte do seu plano estratéxico”

pola administración central, xa se está a notar o retroceso importantísimo que implica un cambio de modelo sobre os logros neste campo dos últimos vinte anos.

- Cal é o papel da universidade galega coas migracións e que actuacións se poden destacar da Universidade de A Coruña neste aspecto?

A UDC conta cun dos grupos de investigación de referencia neste campo: O Equipo de Socioloxía das Migracións internacionais, ESOMI, (<http://esomi.es/index.php/gl/>) que coordina Laura Oso lidera investigacións de alta calidade neste tema.

- Que imaxe ten A Coruña da súa Universidade?

Non teño datos contrastados máis que a valoración que fai a sociedade española da Universidade que é moi positiva, ademais dos datos do noso observatorio ocupacional sobre a satisfacción e taxas de emprego dos nosos egresados que están varios puntos por riba da media estatal. Nós procuramos a máxima transparencia no rendemento de contas á sociedade e somos permeables ás críticas. Fixemos cambios no número de estudantes por grupo para favorecer unha formación máis personalizada e acabar coa masificación das aulas, incluímos as prácticas en empresas en todas as titulacións para que a empresa e as institucións podan completar a formación dos nosos egresados e todos os estudantes teñen que abordar un proxecto fin de grao para estimular a súa creatividade. Estes cambios estruturais van acompañados doutros máis conxunturais como a exposición “A Universidade coa empresa” que se pode ver durante o mes de outubro nos Cantóns da Coruña e que vai acompañada de diversos encontros dos nosos investigadores con empresarios dos diversos sectores. No ámbito cultural o centro NORMAL que dá cabida á expresión artística máis novidosa e actual cubre un espazo artístico e cultural que a cidade precisaba.

- Non hai moitos anos viñan á universidade galega moitos estudantes dende América. Agora, a dinámica é diferente. Cales poden ser os motivos deste descenso de estudantes?

Algo que puido ser determinante foi o ingreso na UE e a promoción da mobilidade dos estudantes europeos unido ás diferenzas económicas e prezos de matrículas coa implantación do euro. Medidas como as adoptadas nos últimos meses pola administración central de discriminar nos prezos de matrícula dos mestrados aos estudantes de fora da UE incrementarán esta tendencia. Pola contra, as universidades tratamos de contrarrestar esta tendencia con proxectos bilaterais como o programa “Ciencia sen fronteiras” polo que viñeron este curso máis de 200 estudantes brasileiros ás Universidades galegas.

- Estase a falar hai tempo da cooperación entre países, institucións e centros de todo o mundo, da creación de redes internacionais e da promoción da mobilidade de estudantes e profesores. Está a Universidade de A Coruña nesta liña?

Para a UDC a internacionalización forma parte do seu plano estratéxico, neste mundo globalizado resulta imprescindible. Neste mandato creamos a Vicerreitoría de Relacións Internacionais para impulsar estas actividades. Este curso iniciamos a impartición de docencia en inglés no grao de ADE e puxemos en marcha o mestrado de Enxeñaría da Auga compartido coa Universidade de Magdeburgo, no que os estudantes cursan un cuadrimestre en cada universidade. Estes non son máis que dous exemplos concretos deste curso para favorecer a mobilidade internacional de estudantes e profesores. No campo da investigación e docencia de doutoramento participamos nas redes internacionais creadas polo Campus do mar co obxectivo de converternos en referencia, dende as universidades do Sistema Universitario Galego e norte de Portugal, no eido dos estudos e investigacións relacionados co mar.

EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Red Universitaria para la Innovación en Orientación y Asesoramiento para la Carrera en Europa (NICE)

Lifelong Learning Programme (LLP), 2007-2013. Comisión Europea

INTRODUCCIÓN

No contexto global actual, a aprendizaxe permanente é un requisito previo para que os cidadáns teñan éxito e se sintan incluídos na sociedade. Esíxense habilidades para os novos postos de traballo, aumenta a necesidade dun alto nivel de educación persoal e os empresarios demandan competencias clave. Ademais, a discontinuidade, cada vez maior, de biografías de traballo conduce a múltiples fases de transición ás que os cidadáns terán que facer fronte ao longo das súas vidas: os períodos de desemprego, a procura de emprego e unha nova orientación, a través da inclusión social e o aumento da mobilidade.

A dispoñibilidade, a calidade e a profesionalización dos Servizos de Orientación Profesional deben considerarse clave para: aumentar a participación na aprendizaxe permanente; desenvolver o potencial do individuo (o que maximiza os recursos humanos); atraer a máis persoas ao mercado laboral e así contribuír á inclusión social e integración europea. Os Servizos de Orientación Profesional para a Carreira de alta calidade deberán:

- Mellorar a capacidade das persoas para deseñar activamente a súa propia aprendizaxe e biografías de traballo.

- Facilitar a mobilidade para os cidadáns europeos.

- Evitar a deserción da escola.

- Fomentar a formación profesional, a educación superior e o emprego.

- Promover o rendemento dos individuos e das organizacións e a adaptación ás condicións cambiantes.

- Apoiar a integración das persoas no mercado laboral, especialmente nos momentos de transición ou cando corren o risco de ser excluídos da sociedade.

Desde este contexto político e co obxecto de facer posible a aprendizaxe permanente, o apoio á integración europea e a promoción da inclusión social a través dunha formación de alta calidade de profesionais da Orientación e o Asesoramento para a Carreira, corenta Institucións de Educación Superior uníronse e configuraron unha Rede Académica (*Rede NICE*). A través desta, colabórase cun frutífero intercambio de ideas, conceptos e coñecementos e promóvese o desenvolvemento da ciencia da orientación e o asesoramento para a carreira.

A fundación dunha Rede Universitaria Erasmus de Institucións Europeas de Educación Superior (IEES) no ámbito da orientación profesional pódese percibir como unha resposta ás recomendacións e desafíos formulados pola Unión Europea e a OCDE na última década. A través da creación da Rede NICE, as Institucións de Educación Superior en Europa expresan a súa vontade por establecer unha comunidade científica co fin de abordar estes desafíos.

G.I. I468 DIOEP

Elena Fernández Rey (Dir.)

Cristina Ceinos Sanz

Ana Isabel Couce Santalla

Rebeca García Murias

Miguel Ángel Nogueira Pérez

Silvia Vázquez Bargiela

Camilo Ocampo Gómez

María Luisa Rodicio García

José Manuel Lobato Martínez

Alberto José Barreira Arias

José Manuel Ponte Cendal

José Antonio Sarmiento Campos



http://eacea.ec.europa.eu/img/all/homepage_grundtvig.jpg

OBXECTIVOS

A través da Rede NICE deséxase manter e fortalecer os esforzos de cooperación que se viñeron desenvolvendo durante a última década por parte dos profesionais que investigan nos ámbitos de orientación e educación.

Existe unha variedade de boas razóns para acadar unha maior cooperación, un traballo distribuído e de consulta dentro dunha rede de universidades en diferentes países, especialmente con respecto a:

- Intercambiar e discutir experiencias sobre deseño e avaliación de programas universitarios de formación de profesionais da Orientación.
- Diagnosticar e desenvolver deseños de programas innovadores de capacitación de Orientadores da Carreira ao longo da vida e de asesoramento académico.
- Identificar ferramentas e instrumentos con impacto relevante na formación de axentes orientadores.
- Apoiar a difusión de resultados da rede de traballo dos programas orientadores nas universidades e na comunidade científica.
- Participar na elaboración do Manual Tuning.

DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

A rede académica compromete a trinta e cinco Universidades e cinco Centros Superiores de Investigación de diversos países da Unión Europea. Todos os socios imparten unha Licenciatura (Bachelor) ou un Programa de Máster en

Orientación Profesional para a Carreira e/ou están involucrados na investigación relativa ao Asesoramento.

A Rede NICE está coordinada pola Universidade de Heidelberg (Alemaña) e a subcoordinación corresponde aos socios principais de cada un dos tres grupos de traballo. A Rede atópase así mesmo conectada con importantes institucións e outras redes pertinentes no contexto europeo e internacional.

Para o período comprendido entre o 11/2009 e o 10/2012 outorgouse financiamento á Rede por parte da Comisión Europea coa pretensión de acadar a mellora da calidade do ensino e a investigación, o fomento da innovación, o intercambio de boas prácticas e ofrecer unha dimensión europea á ciencia da orientación e o asesoramento profesional.

Establecéronse tres grupos de traballo temáticos que empregaron metodoloxías descritivas con instrumentos cuantitativos e cualitativos:

- O primeiro centrado na “Transparencia, Calidade e Comparabilidade dos Programas de Estudo” que desenvolveu unha comparación entre os diferentes currículos existentes e o fortalecemento da mobilidade dos estudantes e profesionais.
- O segundo grupo centrouse en “Novos Tems, Novos Retos-Innovación no Asesoramento e a Orientación Profesional para a Carreira”.
- O terceiro grupo dedicouse a traballar con “Ferramentas de Impacto para o Ensino e a Formación na Orientación e Asesoramento Académico-Profesional en Programas de Grao”. O seu obxectivo era o intercambio de prácticas efectivas para a educación e o desenvolvemento profesional continuo dos profesionais da Orientación e Asesoramento para a Carreira.

Durante o período de sostemento e desenvolvemento da Rede leváronse a cabo tres conferencias: Czestochowa (Polonia) 2010; Heidelberg (Alemaña) 2011; e Jyväskylä (Finlandia) 2012, xunto a varios obradoiros individuais dos diferentes grupos de traballo. Estas conferencias contribúen a crear unha comunidade e a definir o futuro da Rede NICE.



RESULTADOS E CONTINUACIÓN DO PROXECTO

Como resultado principal do Proxecto NICE atópase a publicación *NICE Handbook for the Academic Training of Career Guidance & Counselling Professionals. Common Points of Reference*, unha produción conxunta dos 40 socios do Proxecto. É un informe sobre o estado da formación académica dos profesionais de Orientación para a Carreira e ofrece unha visión das referencias comúns no deseño e desenvolvemento de programas de grao sobre Orientación para a Carreira así como as tendencias actuais de investigación nesta temática no contexto internacional. Inclúe un glosario de termos e acrónimos de interese para os investigadores e profesionais deste campo de estudo.

A Comisión Europea aprobou en xullo de 2012 a continuación do traballo iniciado no NICE co Proxecto *NICE 2 - Network for Innovation in Career Guidance in Europe (Lifelong Learning Programme)*.

BIBLIOGRAFÍA

Kraatz, S. & Ertelt, B.-J. (Eds.) (2011). *Professionalisation of career guidance in Europe. Training, guidance research, service organisation and mobility*. Tübingen: DGVT-Verlag.

Schiersmann, C.; Ertelt, B.-J.; Katsarov, J.; Mulvey, R.; Reid, H. & Weber, P. (Eds.) (2012). *NICE Handbook for the Academic Training of Career Guidance & Counselling Professionals. Common Points of Reference*. Heidelberg: Heidelberg University.

Web da Rede NICE:

"<http://www.nice-network.eu>"

EXPERIENCIA EDUCATIVA

“FALAR IDIOMAS EN CONTEXTOS CRÍTICOS”

María Teresa Díaz García (Facultade de Filoloxía – USC)

INTRODUCCIÓN

Dende o curso 2007-2008 algúns e algunhas persoas integrantes do Grupo de Linguas e do Grupo de Innovación Didáctica Integr@ da USC e da Asociación Cultural Almadrasaña, organizan cada ano actividades de carácter interdisciplinar coa finalidade de aumentar a visibilidade das linguas na nosa comunidade. O fio condutor desas actividades son sempre as linguas, pois nunha sociedade cada vez máis diversa, cultural e lingüisticamente, coma a nosa, apostamos pola preservación desa diversidade e polo coñecemento doutras linguas dende a infancia como fonte de vantaxes académicas, sociais, económicas, cognitivas, etc.

A primeira desas actividades versou sobre as bibliotecas de centro como espazos interculturais (2008) na que se traballaron os diferentes sistemas gráficos, os alfabetos, as linguas de signos, etc. A segunda actividade tratou sobre o conto tradicional como recurso para a educación intercultural (2009), e nela achegámonos á cultura e linguas indíxenas americanas (na-dene), á lingua e cultura chinesa, etc. A terceira actividade xirou sobre o descubrimento doutra cultura a través dos cinco sentidos (2010) e desde ela achegámonos á cultura e lingua árabes. A cuarta actividade (2011) relacionou os mundos da emoción, a música e as linguas europeas, onde tres óperas serviron de punto de partida para coñecer mellor tres linguas, tres culturas e tres países: Alemaña, Francia e Italia. Nesta mesma liña organizouse esta quinta actividade, que parte do mundo da sétima arte, neste caso o xénero documental.

OBXECTIVOS

- Descubrir as vantaxes de aprender outras linguas, de ser bilingües ou trilingües.
- Descubrir a relación entre as linguas e outras manifestacións culturais.
- Desenvolver a curiosidade por outras formas de vivir e comunicarse.
- Fomentar o respecto pola herdanza cultural, en especial as linguas.
- Animar aos mozos a estudar outras linguas.
- Analizar os estereotipos e os prexuízos sobre as linguas.
- Modificar actitudes negativas ante a aprendizaxe de linguas.
- Animar aos estudantes a participar en programas de mobilidade e intercambio.

DESTINATARIOS/AS

Estudantes de cuarto e quinto curso da licenciatura en Filoloxía Hispánica da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

TEMPORALIZACIÓN E LOCALIZACIÓN

Dúas sesións que tiveron lugar nunha aula da Facultade de Filoloxía, celebradas na última semana de marzo do 2012, antes das vacacións de Semana Santa.

G.I. I372 GRAMÁTICA DO ESPAÑOL (GRAMÁTICA)

María Teresa Díaz García



ESTRUTURA E CONTIDOS

Sesión 1ª

Proxección do documental “*Speaking in tongues*”. O documental mostra as habilidades que os estadounidenses cren necesitar para ter éxito como persoa e como país no século XXI. Se temos en conta o compromiso decidido de Estados Unidos a seguir sendo unha nación de “so inglés”, resulta que as actitudes sobre a linguaxe son un reflexo de situacións moito máis complexas, por iso a barreira da linguaxe é unha metáfora de barreiras doutro tipo que se interpoñen entre as persoas.

O documental mostra un mundo no que se abordan as barreiras de comunicación. Un neno afroamericano de extrarradio aprende a ler, escribir e falar mandarín. Un neno mexicano-estadounidense, cuxos pais non saben ler nin escribir en ningún idioma, aprende a ler e a escribir en español co mesmo nivel que en inglés. Unha nena estadounidense de orixe chinesa recupera a lingua dos seus avós, perdida polos seus pais a través da asimilación. Cada neno/a iníciase na aprendizaxe de dúas linguas dende o seu primeiro día na escola infantil, na que cada un está desenvolvendo tanto a súa competencia comunicativa como a multicultural. Ademáis, moitos estudos poñen de manifesto que as mellores cualificacións nos exames pertencen aos nenos bilingües, xa falen Inglés como

primeira lingua ou outra lingua. Por que nos empeñamos pois, no monolingüismo?

Tamén se fai patente no filme que os empresarios, cada vez máis, buscan traballadores con habilidades multilingües como as mostradas por moitos traballadores dos chamados países emerxentes (India, Brasil...).

Noutro campo, diferente ao académico ou laboral, o Departamento de Defensa de Estados Unidos gasta centos de millóns de dólares no ensino das linguas consideradas “estratéxicas” para a seguridade nacional.

Pero a pesar de todo o anterior, moitos/as estadounidenses (e outras moitas persoas aquí tamén), teñen unha perspectiva diferente e pensan que a diversidade lingüística pon en perigo a identidade nacional. Por iso, 31 estados votaron a favor do “so inglés”, e mesmo na liberal California resultou difícil abrir unha escola cun programa de inmersión en mandarín, pois algúns opinaban que atraería demasiados chineses ao barrio.



Sesión 2ª

Dous días despois da proxección tivo lugar un cine foro; ferramenta que facilita o diálogo entre o espectador e a obra cinematográfica. Apoiaron ese exercicio analítico un grupo de expertos en temas relacionados coa aprendizaxe de linguas, migracións, sociedade e cultura. Como puntos de análise e reflexión partimos do significado do concepto “linguas en contextos críticos”. Chegaron á conclusión de que linguas en contextos de crise era o mesmo que Barreiras comunicativas nalgún dos seguintes campos:

- O familiar (problemas para comunicarse entre membros de xeracións distintas da mesma familia migrante).
- O laboral (problemas para comunicarse entre os/as traballadores/as de empresas multinacionais ou para acceder a postos de traballo nos que se esixe posuír determinadas competencias lingüísticas).
- O académico (dificultades para acceder a un currículo escolar presentado nunha lingua diferente á lingua orixinal do aprendiz).
- O económico (dificultades para establecer relacións de negocio con empresas doutros países, en concreto de países emerxentes).
- E, finalmente, no ámbito institucional (trabas para o acceso a información ou a servizos e dificultades para manter a seguridade dunha comunidade).

Estas barreiras comunicativas sinaladas adoitan ter consecuencias sempre negativas tanto a nivel individual como social, entre as que destacaron:

- O desarraigo e perda da propia identidade.
- O fracaso escolar, que deriva na exclusión social, agravada polas limitacións de acceso a un posto de traballo.
- Diminución da cohesión comunitaria, que á súa vez provoca fragmentación e inseguridade social.

Un tema que xurdiu no foro foi o das actitudes cara ao bilingüismo, que ben poden ser unha máscara doutros medos sobre os que é difícil falar: o impacto dos novos migrantes, outras culturas ou a competencia global. Pero, nun mundo cada vez máis internacional, é suficiente con saber falar Inglés?

Dende este tema pasouse a analizar a situación da aprendizaxe de linguas estranxeiras en Galicia:

Nos centros educativos de educación infantil e primaria (entre 3 e 12 anos) ofrécese únicamente inglés como lingua estranxeira. Nos case 1500 centros de Ensino Secundario e Bacharelato ofrécense os seguintes idiomas: inglés e francés en todos, portugués en 7, alemán en 7 e italiano en un. Nín o chinés nín o árabe, linguas estratéxicas nesta primeira metade do século XXI están presentes no currículo escolar.

Falando dun contexto de crise económica, ante a perspectiva laboral que se lles presenta a estes mozos e mozas de vintetantos anos, decátanse de que teñen tres opcións: o autoemprego, moi difícil, xa que comenar unha empresa en tempos de crise é complicado; intentar unhas oposicións para ser funcionario, ou por último, a emigración, na que algún xa levan pensando algún tempo.

Unha das estudantes aportou datos do Instituto Nacional de Estadística (INE), que din que entre xaneiro e marzo deste ano, 27.004 españois decidiron buscarse a vida no estranxeiro, máis do dobre dos que tomaron a mesma decisión no primeiro trimestre do pasado ano (12.850).

En correspondencia, a demanda de cursos de idiomas aumentou espectacularmente nos dous últimos anos, e en particular, moita xente nova decidiu aprender alemán para aumentar as posibilidades de atopar un posto de traballo no país que agora lidera Europa no terreo financeiro. Algo que desanima a esta xeración, segundo as súas propias palabras, é “a dificultade que supón a aprendizaxe dunha lingua estranxeira cando xa non eres un neno”, con todo, tamén son conscientes de que xa en pleno século XXI, a tecnoloxía está introducida totalmente na nosa sociedade e modificou a nosa maneira de pensar e actuar fronte á maioría dos feitos cotiáns, un deles o proceso de ensino-aprendizaxe. Internet permite acelerar ese proceso de aprendizaxe de novas linguas.

AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE

Os estudantes que participaron na actividade responderon a un cuestionario sobre a utilidade do cine foro con este documental cara a adquisición de competencias profesionais, xa que todos eles mostraron o seu interese pola profesión docente, ben de español como L1 ou como lingua estranxeira. As respostas foron 100% positivas, pois a totalidade deles afirmou ter aprendido cousas novas grazas a actividade, ou polo menos parouse a pensar, máis alá do tema metodolóxico, en cuestións relacionadas co ensino-aprendizaxe de linguas, a política lingüística, a realidade que lles toca vivir, etc. En particular, mostráronse moi interesados por modelos como os da inmersión lingüística dual, que consideraron moi útil e ventaxosa, pero difícil de implantar nunha sociedade como a galega, onde hai moita presión política, presión dos pais, etc.

PALMARÉS DO DOCUMENTAL

- Audience Award for Best Documentary Feature (San Francisco International Film Festival);
- Best of 2009 (Asia Pacific Arts Magazine);
- Top 5 (Kuala Lumpur International Film Festival);
- BAVC (MediaMaker Award Winner 2010);
- Official Selection – San Francisco International Film Festival (SFIFF);
- Nominee – IFP / Fledgling Award for Socially Conscious Documentary;
- Selected – Working Films Content + Intent Residency at Mass MoCa;
- Honorable Mention – Columbus International Film Festival;
- 2011 Golden Eagle Award – CINE.

ACCIÓNS LEVADAS A CABO POLOS GRUPOS DE INVESTIGACIÓN DA REDE



Prof. Gloria Seoane Pesqueira

OS TEST: PROCESOS DE CONSTRUCCIÓN E ANÁLISE PSICOMÉTRICO

A Rede puxo en marcha un segundo curso de metodoloxía para os seus membros chamado “Os tests: proceso de construción y análisis psicométrico”. Concretamente, durante os días 7, 21 e 28 de novembro.

A encargada de impartilo foi a Profa. Gloria Seoane catedrática da Facultade de Psicoloxía da USC. Os contidos traballados abordaron dende unha introdución os distintos tipos de test e escalas, os procesos de construción dos mesmos, a análises de items, a fiabilidade, validez, baremación ata a aplicación final, co emprego dun exemplo práctico.

Os obxectivos perseguidos foron:

- Coñecer o proceso a seguir para a construción dun test.
- Coñecer os métodos e técnicas implicadas en dito proceso.
- Adquirir as destrezas precisas para poder entender e valorar a información psicométrica relativa aos tests que xa están comercializados e facer un uso axeitado dos mesmos.
- Saber realizar a execución informática da análise psicométrica dun test coas correspondentes análises do paquete estatístico SPSS e interpretar os resultados obtidos.

As sesións combinaron a explicación teórica da materia coa execución de exercicios prácticos orientados a desenvolver e demostrar o manexo das distintas técnicas e procedementos explicados.



Asistentes ó Curso de tests

CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA ESTADÍAS EN DISTINTAS UNIVERSIDADES DO PERSOAL DE INVESTIGACIÓN EN FORMACIÓN DA REDE RIES

A Rede RIES, co obxectivo de reforzar o programa formativo e acelerar a realización das teses de doutoramento do persoal en formación, outorgou tres bolsas en base á convocatoria realizada, para estadias en distintas universidades españolas e europeas.

Máis concretamente, a investigadora Laura Rego Agraso, do G.I. GEFIL, realizou a súa estadia na Facultad de Psicología y Educación da *Universidad de Deusto*, tendo como investigadora responsable á Profa. Dna. Concepción Yáñez Álvarez de Eulate, do “Dpto. de Didáctica y desarrollo curricular”. O obxectivo principal da estadia era coñecer e analizar o sistema vasco de Formación Profesional Inicial (FPI) para establecer referencias coa situación da Comunidade Autónoma de Galicia.

A investigadora Cristina Varela Portela, do G.I. ESCULCA, escolleu a *Universidad de Sevilla*, para realizar unha estadia co Grupo de Investigación do Prof. Dr. Luis Núñez Cubero, Catedrático desa Universidade. Este Grupo de Investigación centra os seus traballos na intervención socio-educativa con colectivos desfavorecidos, o que veu a axudar á doutoranda a realizar parte do seu traballo de campo no marco da tese “*Delincuencia femenina e inmigración. Perfil socioeducativo y propuesta de intervención centrada en la competencia social*”.

Finalmente, Rebeca García Murias, investigadora do G.I. DIOEP, optou por unha estadia internacional en Manheim (Alemaña), co Prof. Dr. Michael Scharpf, da *University of Applied Labour Studies (HdBA)*. O obxecto principal da estadia centrouse en coñecer os servizos de orientación e información dispoñibles na universidade alemá, e levar a cabo unha análise comparativa coa universidade compostelá, así como recoller información para a súa tese mediante a aplicación de enquéritos e entrevistas a responsables académicos e coordinadores de programas sobre estes servizos.

V ENCUESTRO PARA LA PROMOCIÓN DEL APRENDIZAJE-SERVICIO

O pasado 15 de novembro celebrouse no *Edificio Vagó*, do Recinto da Escola Industrial de Barcelona, o *V Encuentro para la Promoción del Aprendizaje-Servicio* coordinado nesta edición polo *Centre Promotor de Aprenentatge Servei de Catalunya*. No mesmo participou o noso compañeiro Alexandre Sotelino Losada como representante da nosa Comunidade Autónoma.

Foi este un espazo de debate e análise que serviu para valorar a situación da ApS no Estado Español. Finalmente, fíxose unha perspectiva común para a rede estatal cara o ano 2013. O vindeiro encontro na súa VI edición será coordinado polo grupo promotor da *Comunidad de Madrid*.



III SEMINARIO DA RED INTERUNIVERSITARIA DE PROFESORADO DE ORIENTACIÓN

Sevilla, 22 e 23 de marzo de 2012

O Grupo de Investigación DIOEP acudiu ó III Seminario da *Red Interuniversitaria de Profesorado de Orientación* celebrado na *Facultad de Ciencias da Educación da Universidad de Sevilla*. O Grupo DIOEP presentou unha serie de comunicacións interconectadas sobre os Proxectos Europeos nos que participa desde o ano 2007 e que teñen como referencia común a investigación no ámbito da orientación.

Os Proxectos que se deron a coñecer foron:

Orientación. Accións e Instrumentos para a Integración de Sistemas (GIANT): baseado no apoio e promoción da orientación a nivel rexional a través da aplicación dun modelo institucional de dispositivo creado a partir da análise das funcións, recursos e instrumentos precisos para atender ás necesidades de mozos menores de 25 anos en situación de inserción sociolaboral. O dispositivo experimentouse en 2 rexións e 2 provincias italianas.

Tools and Training for e-Guidance Practitioners (ICT Skills 2): a importancia de integrar as habilidades TIC coas orientadoras a través dun mapa de competencias interdisciplinar permitiu desenvolver estándares de deseños e procesos de formación de profesionais da orientación no ámbito das TIC. En seminarios pilotos nacionais leváronse a cabo algúns dos módulos formativos deseñados.

Desenvolvemento e Implementación do Programa Común de Bachelor no Contexto Europeo (DICBDPEC): o propósito básico deste Proxecto é elaborar un programa de estudos integrado para a formación de profesionais da orientación que abarque o ciclo académico de Grao a través do uso de créditos ECTS, o que facilitará obter un título de recoñecemento conxunto.

Red Universitaria para la Innovación en Orientación y Asesoramiento para la Carrera en Europa (NICE): pretende manter e fortalecer os esforzos de cooperación desenvolto durante a última década polos profesionais e investigadores nos ámbitos da orientación e educación.



Integrantes do Grupo DIOEP

CONCURSO PARA A SELECCIÓN DE MATERIAIS RIES

No espírito desta convocatoria da Rede RIES estaba a promoción e recoñecemento das prácticas educativas e da tarefa que tanto profesorado e institucións educativas levan a cabo de xeito cotiá nos centros, producindo e poñendo en práctica recursos dirixidos ao desenvolvemento da percepción da diversidade cultural como valor e, ao mesmo tempo, ao recoñecemento das actitudes discriminatorias como inxustizas sociais.

En total, foron seis os candidatos, cun total de nove traballos que entraron a concurso. Tras unha primeira análise por parte do xurado, e seguindo os criterios establecidos nas bases, considerouse que sete destes traballos non cumprían as bases da convocatoria, polo que foron excluídos.

Finalmente, a gañadora desta edición foi dona Concepción Varela Portela, Profesora no IES Santa Irene (Vigo). O obxectivo principal que se marcou a profesora Varela, foi o de facilitar o achegamento da educación intercultural á aula de "Lengua



Concepción Varela Portela gañadora do premio

Castellana y Literatura", mediante unha programación anual organizada en doce unidades didácticas e cun total de duacentas corenta actividades.

Estamos a falar, sen dúbida, dunha ferramenta útil, práctica e fácil de integrar na aula e de combinar con outro tipo de actividades coas que o profesor/a está acostumado a traballar, por formar parte dos manuais que manexa ou por partir da súa propia elaboración.

Como poden comprobar accedendo ao enlace deste traballo

(http://redries.usc.es/index.php?option=com_content&view=article&id=44&Itemid=40), resulta moi sinxelo recorrer as distintas actividades en calquera momento do curso como apoio ou substituto doutras actividades propostas que non fagan referencia á educación en valores. Por este motivo, non estamos a falar dun manual ao uso, se non máis ben dun caderno, que o docente empregará cando o considere axeitado e valorando o grao de implicación desta temática na área, en función do perfil do alumnado ante o que se atope.



Reunión do xurado para a resolución do Concurso "Materiais RIES"

O pasado día 6 de setembro, na Facultade de CC. da Educación (Campus Vida) da USC, tivo lugar a reunión do xurado para a resolución do "Concurso para a selección de materiais RIES" que foi convocado o pasado mes de abril.

Resolución do concurso

O xurado estivo formado polo Coordinador Xeral da Rede RIES, o Catedrático de Universidade Miguel Anxo Santos Rego, e como vogais figuraban as Profesoras Elena Fernández Rey e M^a José Méndez Lois da Rede RIES, disculpando a súa ausencia a Profesora Margarita Pino Juste da UVigo, por atoparse no estranxeiro. Como avaliadores externos, e tamén vogais do xurado, foron nomeados a mestra de Educación Infantil Dna. Luz González Vázquez, da "Escola Infantil Breogán" da USC; D. Francisco Xabier Cernadas Ríos, mestre do "CEIP A Mahía" de Bertamiráns; e Dna. Margarita Lobato García, profesora do "IES Porto do Son".

Considerouse outorgar o 1º premio da modalidade A, dentro da categoría de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), e cunha dotación de 750 €, ao traballo que leva por título "La educación intercultural en el aula de Lengua Castellana y Literatura", e que foi presentado por Dna. Concepción Varela Portela.

A acta atópase a disposición pública, tanto na Rede (http://redries.usc.es/images/acta_reunion_concurso_materiais.pdf), como no taboleiro da Facultade de Ciencias da Educación.

CD DE TÉCNICAS DE APRENDIZAXE COOPERATIVA TAC-RIES



O material educativo que contén o CD “TAC-RIES. Técnicas de Aprendizaxe Cooperativa” xerouse e articulouse no marco dunha acción mancomunada dentro da Rede sobre Inmigración, Educación e Sociedade (RIES).

O interese operativo de todos/as os integrantes desta agrupación científica por reunir, baixo idéntico formato de presentación, algunhas das máis acreditadas técnicas de aprendizaxe cooperativa, ten que ver co enfoque pragmático da súa filosofía e visión sobre como proceder na mellora e, no seu caso, optimización, da xestión da diversidade cultural dende a escola e, en xeral, dende o conxunto do sistema educativo.

Queremos que este traballo sirva a unha formación máis sólida en termos cívicos, ao tempo que procuramos o desenvolvemento de persoas conscientes do valor estratéxico que posúen distintas formas de interactuar cando se desexa aprender ou ensanchar os lindes da coñecemento.

A cooperación tense erixido en dinámica cara o éxito, individual e de grupo, cando somos capaces de estruturala e guiala en pos de obxectivos que dignifican ao ser humano porque o fan, cognitivamente e emocionalmente, máis intelixente.

AUTORES

Myriam Alvariñas Villaverde

María del Pilar Carnota Carneiro

Cristina Ceinos Sanz

Ana Couce Santalla

Julia María Crespo Comesaña

María Teresa Díaz García

Elena Fernández Rey

Rebeca García Murias

Carol Gillanders

Mar Lorenzo Moledo

María José Méndez Lois

Miguel Ángel Nogueira Pérez

Margarita Pino Juste

Diana Priegue Caamaño

Margarita Valcarce Fernández



Tal argumento é razón suficiente, cremos, para non deixar de insistir ante os profesores e profesoras e, máis alá deles, ante os responsables da toma de decisións nos asuntos da educación, nas bondades da aprendizaxe cooperativa unha vez se deixou claro desde a investigación educativa (sostida no tempo e espazo) que os nosos máis excelentes logros, incluída a representación de auto-eficacia que a define, corren parellos coa sorte dos demais.

Do que se trata, polo tanto, é de ser racionalmente consistentes na acción educativa, a fin de non cesar nun empeño metodolóxico acorde co progreso, material e moral, de suxeitos e comunidades.

O CD TAC-RIES permite un acceso moi directo ao contido por medio de distintos menús despregables. Desde o menú principal o usuario/a accede a presentación desta ferramenta didáctica; as principais bases teóricas da aprendizaxe cooperativa; as Técnicas da Aprendizaxe Cooperativa que recolle; e a un último apartado que baixo o título “Para saber máis” nos mostra distintas referencias bibliográficas para profundizar sobre a Aprendizaxe Cooperativa.

Así pois, desde o apartado de Técnicas de Aprendizaxe Cooperativa podemos mergullarnos, seguindo o que nos indica o menú en cada momento, en

seis técnicas: Quebracabezas de Aronson; Torneos de Equipos e Xogos; Equipos de aprendizaxe por divisións de rendemento; Cooperación guiada ou estruturada; Investigación en grupo; e Co-op Co-op.

O esquema de traballo para cada técnica é moi sinxelo para que o/a docente poida facer unha rápida transferencia ao seu contexto de aula ou de grupo.

O primeiro que podemos ver é unha pequena introdución a mesma técnica, para de seguido presentar o seu desenvolvemento paso a paso, a partir de ahí, o/a docente poderá estudar as recomendacións didácticas e profundizar na Técnica coa axuda dunha bibliografía específica e, no seu caso, de páxinas web de interese.

Para permitir un acceso libre e gratuito a este material o CD TAC-RIES estará aloxado no Repositorio Institucional da USC (<http://www.usc.es/morea/>).

Estamos convencidos de que o soporte práctico das técnicas aquí alineadas pode axudar aos profesores e profesoras tanto do ensino non universitario como universitario, a pasar das palabras aos feitos.

Máis información na web de Rede RIES.

NOVIDADES EDITORIAIS

Alarcón, P. (2012). *Pedagogía para andar por casa*. Madrid: San Pablo.

Borreo, R. e Leiva, J.J. (coord.) (2012): *Interculturalidad y escuela*. Barcelona: Octaedro.

Burgos, M^a. (2012). *Migraciones en las ciudades de Ceuta y Melilla*. Granada: Editorial Comares.

Cornago, A.; Navarro, M. e Collado, F. (2012): *Manual de teoría de la mente para niños con autismo. Ejercicios, materiales y estrategias*. Valencia: Psylicom.

De la Herrán, A. e Paredes, J. (coords.) (2012). *Promover el cambio pedagógico en la universidad*. Madrid: Pirámide.

Enkvist, I. (2012). *La buena y la mala educación. Ejemplos internacionales*. Madrid: Encuentro.

Fernández Díez, J. (2012). *Errores en la educación de los hijos*. Madrid: Pirámide.

García, F; Olmos, A. (2012). *Segregaciones y construcción de la diferencia en la escuela*. Madrid: Editorial Trotta.



García, L. (2012). *Sociedad del Conocimiento y Educación*. Madrid: UNED.

Gil Vila, F. (2012). *El fantasma de la diferencia. La inmigración en la escuela*. Barcelona: Icaria-Más Madera.



Heinsen, M. (2012). *Autoestima y tacto pedagógico en edad temprana. Orientaciones para educadores y familias*. Madrid: Narcea.


Holzschuher, C. (2012). *Cómo organizar aulas inclusivas. Propuestas y estrategias para acoger las diferencias*. Madrid: Narcea.



Imbernon, F. e Jarauta, B. (coords.) (2012). *Pensando en el futuro de la educación. Una nueva escuela para el siglo XXI*. Barcelona: Graó.

Llombart, M. (2012). *Identidades de España en Francia*. Granada: Editorial Comares.

Martín, E. (2012). *Vidas de ida y vuelta*. Sevilla: Universidad de Sevilla-Secretariado de Publicaciones.



Merino, M. (2012). *Emigración, asociacionismo y retorno de los españoles en Argentina (XIX-XX): el diseño y la práctica de su investigación*. Madrid: Trotta.

Navarro, V. e Clua-Losada, M. (2012). *El impacto de la crisis en las familias y en la infancia*. Barcelona: Ariel.

Nos Aldás, E. (2012). *Migraciones y cultura de paz: educando y comunicando solidaridad*. Madrid: Dykinson.

Orjales, I. (2012). *TDAH. Elegir colegio, afrontar los deberes y prevenir el fracaso escolar*. Madrid: Pirámide.

Pérez, C. (2012). *Migraciones irregulares y derecho internacional*. Valencia: Tirant lo Blanch.

Pérez, C. (coord.); Escámez, J.; García, R.; Sanz, R. e López, I. (2012). *La acción educativa social: nuevos planteamientos*. Bilbao: Editorial Desclée de Brouwer.



Quevedo Blasco, V. e González Ruiz, D. (2012). *Planificar y programar en los centros educativos. Departamentos didácticos y áreas de competencias*. Madrid: Wolters Kluwer España.

Reig, D. (2012). *Socionomía ¿Vas a perderte la revolución social?*. Barcelona: Ediciones Deusto.

Ruiz, R. M. (2012). *Adolescentes: guía de educación para la salud*. Málaga: Aljibe.

Savater, F. (2012). *Ética de urgencia*. Barcelona: Ariel.

Torrego, J.C. e Negro, A. (coords). (2012): *Aprendizaje cooperativo en las aulas. Fundamentos y recursos para su implantación*. Madrid: Alianza Editorial.


Vázquez Verdera, V; Escámez Sánchez, J. e García López, R. (2012). *Educación para el cuidado. Hacia una nueva pedagogía*. Valencia: Editorial Brief.



Vinyamata, E. (2012). *Vivir y convivir en paz*. Barcelona: Graó.

Zayas, F. (2012). *10 ideas clave. La competencia lectora según PISA*. Barcelona: Graó.

VINDEIROS CONGRESOS



O NAO-FORMAL E O INFORMAL EM EDUCAÇÃO: CENTRALIDADES E PERIFERIAS. I COLÓQUIO INTERNACIONAL DE CIENCIAS SOCIAIS DA EDUCAÇÃO. III ENCONTRO DE SOCIOLOGÍA DA EDUCAÇÃO

Braga-Portugal, 25, 26 e 27 de marzo de 2013

Este I Congreso nace coa intención de ser un espazo para a reflexión sistemática sobre as actuais formas, contextos e procesos educativos e de aprendizaxe que se desenvolven principalmente na “periferia” do sistema educativo, e que constitúen o que consideramos xeralmente como “ámbito da educación”.

Máis información: <http://sites.google.com/site/iccsiiiese/home>

XVIII CONGRESO MUNDIAL DE PEDAGOXÍA SOCIAL

Luxemburgo, 2-5 de abril 2013



Luxemburgo será nesta ocasión a cidade onde se celebrará unha nova edición deste congreso mundial, cuxo tema central será a integración, a inclusión social e a igualdade de oportunidades.

Máis información: "<http://www.worldcongress.lu/es/>"

EUROPEAN CONFERENCE ON INFORMATION TECHNOLOGY IN EDUCATION AND SOCIETY (TIES): A critical inside

Barcelona, 1 e 3 de febreiro de 2013



As áreas que abarca este congreso van desde a didáctica de cada unha das materias impartidas nos centros educativos ata a socioloxía ou o traballo social, tratando temas tan diversos como a educación de adultos, estudos do curriculum, diversidade sexual e educación...

Máis información: <http://amicedu.org/cimie/>

NOVIDADES LEGISLATIVAS

Ofrecemos as novidades referentes á lexislación educativa aparecidas nos derradeiros meses, tanto a nivel nacional como autonómico. Pódese realizar esta consulta de xeito máis extenso e seguir as novidades lexislativas na web da Rede RIES http://redries.usc.es/index.php?option=com_content&view=article&id=42&Itemid=38.

BOE:

RESOLUCIÓN do 21 de maio de 2012, da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se convocan subvencións para favorecer a mobilidade de profesores visitantes e de estudantes en ensinanzas universitarias oficiais de máster desenvolvidos conxuntamente por universidades francesas e españolas para o curso académico 2012-2013. BOE Núm. 138 Sábado, 9 de xuño de 2012 Páx. 42216-42233.

<http://www.boe.es/boe/dias/2012/06/09/pdfs/BOE-A-2012-7747.pdf>.

RESOLUCIÓN do 30 de maio de 2012, da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se prorroga o prazo para a realización do procedemento de avaliación e acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral. BOE Núm. 142 Xoves, 14 de xuño de 2012 Páx. 42889-42890.

<http://www.boe.es/boe/dias/2012/06/14/pdfs/BOE-A-2012-7894.pdf>.

ORDE ECD/1417/2012, do 20 de xuño, pola que se establece a equivalencia do Certificado de

Escolaridade e doutros estudos co título de Graduado Escolar regulado na Lei 14/1970, do 4 de agosto, Xeral de Educación e Financiamento da Reforma Educativa, a efectos laborais. BOE Núm. 156 Sábado, 30 de xuño de 2012 Páx. 46938-46941.

<http://www.boe.es/boe/dias/2012/06/30/pdfs/BOE-A-2012-8747.pdf>.

REAL DECRETO 961/2012, do 22 de xuño, polo que se modifica o Real Decreto 1892/2008, do 14 de novembro, polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas. BOE Núm. 158 Martes, 3 de xullo de 2012 Páx. 47266-47267.

<http://www.boe.es/boe/dias/2012/07/03/pdfs/BOE-A-2012-8849.pdf>.

RESOLUCIÓN do 2 de xullo de 2012, da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se convoca a proba para a obtención do certificado de Ensinanzas Iniciais para persoas maiores de dezoito anos no ámbito de xestión do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para o ano 2012. BOE Núm. 169 Luns, 16 de xullo de 2012 Páx. 50854-50865.

<http://www.boe.es/boe/dias/2012/07/16/pdfs/BOE-A-2012-9454.pdf>.

RESOLUCIÓN do 29 de xuño de 2012, da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se conceden bolsas para a realización de estudos de Máster en Universidades de Estados

Unidos de América para o curso 2012-2013. BOE Núm. 170 Martes, 17 de xullo de 2012 Páx. 51297-51298.

<http://www.boe.es/boe/dias/2012/07/17/pdfs/BOE-A-2012-9534.pdf>.

REAL DECRETO 1190/2012, do 3 de agosto, polo que se modifican o Real Decreto 1513/2006, do 7 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas da Educación Primaria, e o Real Decreto 1631/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á Educación Secundaria Obrigatoria. BOE Núm. 186 Sábado, 4 de agosto de 2012 Páx. 55692-55704.

<http://www.boe.es/boe/dias/2012/08/04/pdfs/BOE-A-2012-10473.pdf>.

RESOLUCIÓN do 2 de agosto de 2012, da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se convocan axudas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo para o curso académico 2012-2013. BOE Núm. 190 Xoves, 9 de agosto de 2012 Páx. 57099-57111.

<http://www.boe.es/boe/dias/2012/08/09/pdfs/BOE-A-2012-10667.pdf>.

NOVIDADES LEGISLATIVAS

ORDE ECD/2000/2012, do 13 de setembro, pola que se regula o certificado oficial de estudos obrigatorios para os alumnos que finalicen os estudos correspondentes á educación básica sen obter o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, e se modifican a Orde ECI/1845/2007, do 19 de xuño, pola que se establecen os elementos dos documentos básicos de avaliación da educación básica regulada pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que son precisos para garantir a mobilidade do alumnado, e a Orde ECI/2572/2007, do 4 de setembro, sobre avaliación en Educación Secundaria Obrigatoria. BOE Núm. 230 Luns, 24 de setembro de 2012 Páx. 67689-67696.

<http://www.boe.es/boe/dias/2012/09/24/pdfs/BOE-A-2012-11925.pdf><http://www.boe.es/boe/dias/2012/09/24/pdfs/BOE-A-2012-11925.pdf>

CORRECCIÓN DE ERROS da Orde ECD/2000/2012, do 13 de setembro, pola que se regula o certificado oficial de estudos obrigatorios para os alumnos que finalicen os estudos correspondentes á educación básica sen obter o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, e se modifican a Orde ECI/1845/2007, do 19 de xuño, pola que se establecen os elementos dos documentos básicos de avaliación da educación básica regulada pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que son precisos para garantir a mobilidade do alumnado, e a Orde ECI/2572/2007, do 4 de setembro, sobre avaliación en Educación

Secundaria Obrigatoria. BOE Núm. 268 Mércores, 7 de novembro de 2012 Páx. 78060.

<http://www.boe.es/boe/dias/2012/11/07/pdfs/BOE-A-2012-13772.pdf><http://www.boe.es/boe/dias/2012/11/07/pdfs/BOE-A-2012-13772.pdf>

DOG:

RESOLUCIÓN do 10 de maio de 2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan, con carácter experimental, os contratos-programa e se establecen as bases para a convocatoria e selección de programas dirixidos á mellora do éxito escolar nos centros docentes de educación primaria e secundaria dependentes desta consellería. DOG Núm. 108 Xoves 7 de xuño de 2012 Páx. 21982-21998.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120607/AnuncioG0164-310512-0005_gl.pdfhttp://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120607/AnuncioG0164-310512-0005_gl.pdf

ORDE do 12 de xuño de 2012 pola que se actualiza a oferta de ciclos formativos polo réxime ordinario, por curso completo e en modalidade presencial, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano académico 2012-2013. DOG Núm. 114 Venres, 15 de xuño de 2012 Páx. 23510-23529.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120615/AnuncioG0164-130612-0004_gl.pdfhttp://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120615/AnuncioG0164-130612-0004_gl.pdf

ORDE de 22 de xuño de 2012 pola que se convocan probas libres de títulos extinguidos dos establecidos ao amparo da Lei orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo. DOG Núm. 126 Martes, 3 de xullo de 2012 Páx. 26318-26326.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120703/AnuncioG0164-260612-0001_gl.pdf.

RESOLUCIÓN do 13 de xuño de 2011 pola que se acorda a publicación da normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster, aprobada no Consello Social do 5 de xuño de 2012. DOG Núm. 136 Martes, 17 de xullo de 2012 Páx. 28451-28455.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120717/AnuncioG2018-110712-0001_gl.pdf.

ORDE do 29 de xuño de 2012 pola que se fai pública a oferta educativa das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia a partir do curso escolar 2012-2013. DOG Núm. 146 Mércores, 1 de agosto de 2012 Páx. 30492-30495.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120801/AnuncioG0164-240712-0001_gl.pdf.

RESOLUCIÓN do 7 de setembro de 2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións dos membros dos consellos escolares dos centros docentes sostidos con fondos públicos. DOG Núm. 180 Xoves, 20 de setembro de 2012 Páx. 36742-36747.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120920/AnuncioG0164-110912-0001_gl.pdf.

ORDE do 13 de setembro de 2012 pola que se resolve definitivamente a convocatoria de licenzas por formación para o curso 2012/13 destinadas a funcionarios docentes non universitarios. DOG Núm. 183 Martes, 25 de setembro de 2012 Páx. 37213-37216.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120925/AnuncioG0164-200912-0003_gl.pdf.

ORDE do 10 de setembro de 2012 pola que se autorizan novos centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2012/13. DOG Núm. 188 Martes, 2 de outubro de 2012 Páx. 37834-37837.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20121002/AnuncioG0164-250912-0003_gl.pdf.

ORDE do 8 de outubro de 2012 pola que se establece o procedemento para a implantación, avaliación e certificación de cursos especializados para o perfeccionamento de idiomas de nivel C nas escolas oficiais de idiomas de Galicia. DOG Núm. 195 Xoves, 11 de outubro de 2012 Páx. 38987-38992.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20121011/AnuncioG0164-091012-0003_gl.pdf.

RESOLUCIÓN do 15 de outubro de 2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se resolve a do 22 de maio de 2012 que convocou a selección de plans de formación permanente do profesorado que se van implantar en centros educativos públicos

dependentes desta consellería no curso 2012-2013. DOG Núm. 202 Martes, 23 de outubro de 2012 Páx. 39979-39982.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20121023/AnuncioG0164-161012-0003_gl.pdf.



GRUPOS DE INVESTIGACIÓN

G.I. 1790 ESCOLA-CULTURA (ESCALCA)

Dir. Miguel Anxo Santos Rego

G.I. 1867 GRUPO GALEGO DE ESTUDOS PARA A FORMACIÓN E INSERCIÓN LABORAL (GEFIL)

Dir. Antonio Rial Sánchez

G.I. 1468 DIAGNÓSTICO E ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL (DIOEP)

Dir. Elena Fernández Rey

G.I. 1438 TECNOLOXÍA EDUCATIVA (TEC_EDUC)

Dir. Beatriz Cebreiro López

G.I. 1372 GRAMÁTICA DO ESPAÑOL (GRAMÁTICA)

Dir. María Teresa Díaz García

G.I. DE3 GRUPO DE INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN, ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE (GIES)

Dir. Margarita Pino Juste



Contacto:

Facultade de Ciencias da Educación
 Despacho 28 (Módulo A)
 Campus Vida 15782
 Santiago de Compostela (A Coruña)

<http://redries.usc.es/>

rederies@gmail.com

Teléfono: 881 813 890

Xa estamos a traballar en...

- Programa de mellora do rendemento educativo do alumnado de ESO
- Próxima publicación do libro coordinado por María José Méndez Lois e Celso Taboada Lorenzo baixo o título *Mellora da Comunicación Igualitaria. Análise e estratexias socioeducativas*
- Deseño de cursos de verán
- Taller de Arquitectura e Espazos Escolares